

CAPITALISMO E REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

1 - O nacemento do capitalismo.

As fondas transformacións que tiveron lugar a finais do século XVIII e principios do XIX, relacionadas fundamentalmente coa revolución industrial e as revolucións liberais impuxeron un novo marco económico dominante: o capitalismo. Este sistema triunfa cando a burguesía se impón sobre a nobreza e o clero nas revolucións liberais e cando se substitúen os modos de produción medievais polos capitalistas a través da revolución agraria e industrial.

1.1 - A evolución do capitalismo.

Os historiadores distinguen varias fases sucesivas no seu desenvolvemento:

1.1.1 - Capitalismo mercantil.

Ten a súa orixe no desenvolvemento das actividades comerciais por parte da burguesía. A súa orixe remontase ó rexurdir das cidades na Idade Media, pero alcanzou o seu auge nos séculos XVI-XVII grazas ao crecemento dos intercambios comerciais entre Europa, América, e Oriente.

1.1.2 - Capitalismo industrial.

Está moi vinculado ó desenvolvemento da revolución industrial de finais do século XVIII e comezos do XIX. As fábricas convértense no motor de transformación das relacións económicas e sociais dando grandes beneficios á burguesía que se autofinancia e amplía as súas actividades. A burguesía convertese na clase dominante pola súa riqueza e poder.

1.1.3 - Capitalismo financeiro.

Existe este tipo de capitalismo cando se dá unha subordinación de tódalas actividades ó capital bancario e financeiro. Desenvólvese a partir de 1870 debido á necesidade de grandes capitais para poñer en marcha novos negocios. Estes capitais obtéñense nas entidades bancarias e financeiras e nas bolsas de valores. Ao mesmo tempo a crecente competencia favorece a concentración do mercado nunhas poucas empresas, e as políticas imperialistas e colonialistas.

1.2 - Características do capitalismo.

1.2.1 - O capital é o elemento fundamental da produción.

O capital é o conxunto de bens que serven ó seu propietario para producir novas mercadorías coas que obter beneficios. Os que posúen o capital son os que controlan e dominan o desenvolvemento económico dun país, e grazas a iso, inflúen no marco político e institucional vixente.

1.2.2 - Liberdade económica ou regulamentación do mercado pola lei da oferta e da demanda.

Non deben existir mecanismos de control dos mercados. Debe de haber liberdade de empresa, de comercio, de contratación, de prezos, de salarios... e os poderes públicos non deben intervir nas actividades económicas que deben quedar en mans de particulares. Deste xeito haberá un equilibrio de mercado entre a oferta e a demanda. Os artigos de maior demanda aumentarán a súa produción, e os menos solicitados deixarán de producirse. De modo similar a como as especies animais e vexetais están sometidas á selección natural, así as actividades económicas están sometidas ás leis do mercado. En ambos casos, só os máis capacitados sobreviven.

A liberdade económica considerase un principio universal do capitalismo, pero moitas veces a burguesía capitalista manipula a liberdade de mercado creando asociacións empresariais para dominar os mercados e impoñer as súas condicións; e emprega a súa influencia nos gobernos para establecer trabas a outros competidores, ou para impoñer cotas de mercado en exclusiva.

1.2.3 - A riqueza individual é o que estimula as actividades económicas e o elemento organizador da sociedade.

A busca do enriquecemento individual e conseguir o máximo beneficio é o móbil que guía a actuación económica das persoas. A riqueza é o criterio básico de clasificación social. A posición de cada individuo depende dos bens e capitais que posúa. Dentro da sociedade capitalista considerase que cada persoa pode ascender á cima da escala social grazas a súa valía e traballo. Aínda así non todos os individuos terán as mesmas posibilidades debido ás fortes desigualdades económicas existentes.

1.2.4 - Os recursos materiais e tecnolóxicos dispoñibles son de propiedade privada.

Considerase que para alcanzar a máxima rendibilidade e aproveitamento dos recursos a propiedade dos recursos dispoñibles debe ser privada e libre. A propiedade privada considerase un dereito natural das persoas e como tal debe estar protexido pola lei. Esta propiedade privada de bens e recursos permite ás persoas satisfacer as súas necesidades e alcanzar a felicidade.

1.2.5 - A explotación dos recursos dispoñibles está baseada no traballo asalariado e na división de tarefas.

No traballo artesanal da Idade Media un individuo elaboraba a totalidade do produto. No capitalismo os traballadores especialízanse nunha determinada tarefa. O traballo é unha mercadoría máis que debe estar suxeito á lei da oferta e da demanda: se a man de obre é abundante, o salario debe ser baixo.

1.2.6 - Desigualdade, dependencia e explotación.

O desenvolvemento económico xera fortes diferenzas entre os individuos dun país e entre distintos países. A causa destas diferenzas está no intercambio desigual xa que mentres uns se empobrecen outros aumentan a súa riqueza. No caso dos países os pobres exportan materias primas e importan produtos manufacturados que son máis caros. As fortes diferenzas entre uns e outros xera conflitos laborais e sociais.

1.2.7 - Crises cíclicas.

Dentro do capitalismo hai ciclos de crecemento ou expansivos, e outros de estancamento e mesmo depresivos. O inicio dun ciclo depresivo ven determinado por unha crise económica que ven determinada por diferentes circunstancias: desaxuste entre a oferta e a demanda, inestabilidade política, especulación bolsista...Ao longo dos séculos XIX e XX sucedéronse numerosas crises de efectos similares: caída de prezos, peche de fábricas, desemprego, quebras...

2 - A revolución agraria.

Ao longo dos séculos XVIII e XIX os campos europeos e americanos sufriron unha longa transformación caracterizada pola renovación das técnicas e métodos agrícolas, o emprego de maquinaria agrícola, e a modificación do réxime de propiedade da terra. Estes cambios produciron un aumento da cantidade de alimento dispoñible, permitiron o crecemento da poboación, e favoreceron o desenvolvemento da industrialización porque aportaron capitais, man de obra para as fábricas, e ampliaron os mercados.

2.1 - A agricultura no Antigo Réxime.

2.1.1 - Un sistema agrícola estancado.

O sector agropecuario no Antigo Réxime caracterizábase por:

- Predominio de sistemas de cultivo extensivos e de subsistencia, con abundante barbeito e co emprego de gran cantidade de man de obra, entre o 70 e o 80% da poboación.
- Gandería en réxime extensivo sen ou con moi pouca estabulación.
- Baixos rendementos pola deficiente ferramenta agrícola e o escaso emprego de fertilizante.
- Os aumentos da produción debíanse ó aumento de terras postas en cultivo, non ó aumento de produtividade.
- Crises cíclicas de colleitas debido ó esgotamento das terras e as condicións climáticas. Estas dificultades provocaban o aumento da mortalidade catastrófica. Unha vez superada a crise os superviventes dispoñían de maior proporción de terras cultivables, e volvíase a iniciar o ciclo expansivo.
- Réximes de propiedade compartida. A maior parte da terra pertencía á nobreza e ó clero pero era traballada polo campesiño a cambio dunha renda. Estes campesiños tiñan certos dereitos sobre as terras como pasar o seu dominio útil de pais a fillos e non podían ser expulsados delas agás circunstancias moi especiais. En moitos casos a propiedade nobiliaria estaba protexida pola institución do morgado (pasaba enteira ó fillo máis vello que non podía vendela nin separala), e a propiedade eclesiástica estaba en “mans mortas” (o mosteiro recibía terras dos seus devotos que non podía vender, só usufrutuar). Tamén era moi abundante a propiedade comunal dos concellos que era explotada polos campesiños pobres.

2.2 - O inicio das transformacións agrarias.

A comezos do século XVIII empezouse un ciclo expansivo da agricultura que durou ata mediados de século. A partir deste momento a produción agraria non foi capaz de abastecer o consumo e os prezos aumentaron. Para dar solución a este desfase puxéronse en cultivo novas terras pero en Inglaterra tamén se puxeron en marcha outras medidas que facilitaron o aumento constante da produción agraria. Entre estas medidas destacaron as relacionadas co sistema de cultivos e co réxime de propiedade da terra. Iniciáronse en Gran Bretaña no século XVIII e estendéronse a Europa e América no XIX.

2.2.1 - Cambios técnicos e novos sistemas de cultivo.

Eliminación do barbeito e extensión das rotacións de cultivos. A eliminación do barbeito logrouse grazas á introdución de novos cultivos onde antes se deixaba a terra a barbeito. Estes novos cultivos eran sobre todo plantas forraxeiras e tubérculos: nabos, trevo, alfalfa e patacas que alternaban nunha mesma parcela cos cereais. Osixenaban a terra e permitían alimentar a máis cabezas de gando e, polo tanto, aumentar a produción de carne para a alimentación humana e a de esterco para fertilizar mellor as terras e aumentar os rendementos das colleitas.

2.2.2 - Introducción de novas ferramentas e mellora das terras cultivables.

Para aumentar o rendimento agrícola empezouse a utilizar o ferro para a construción de útiles agrícolas, substituíuse a fouce pola gadaña na sega, púxoselle ó arado rodas e rella triangular, aumentou o número de cabalos como animais de tiro... Tamén foron mecanizados os labores de sementeira, malla, e sega. A partir de 1830 a máquina de vapor suplantou ós animais de tiro como forza motriz en Inglaterra.

As melloras tamén afectaron as terras e especies cultivables ca extensión do regadío e das técnicas de drenaxe, a selección de sementes e razas gandeiras, e o emprego de fertilizantes como o guano de Perú.

2.2.3 - Aparición de sociedades e publicacións agronómicas.

Para divulgar as novidades agrícolas e os novos sistemas de cultivo, xurdiron sociedades dedicadas ao fomento da agricultura. En Inglaterra destacou o Consello de Agricultura e en España as Sociedades Económicas de Amigos do País. Tamén apareceron publicacións e revistas que tiveron moita incidencia na divulgación das innovacións técnicas.

2.2.4 - Cambios na mentalidade dos propietarios agrícolas.

Os nobres e eclesiásticos do Antigo Réxime só buscaban percibir rendas que lle permitiran manter o seu nivel de vida. Agora difundíuse unha nova mentalidade que pretende aumentar os beneficios que producen as súas terras. Para elo introducen constantes melloras técnicas nas súas explotacións. Neste aspecto destacaron desde moi cedo os propietarios ingleses, incluídos os nobres e a mesma Casa Real.

2.3 - Modificacións no réxime de propiedade.

As transformacións técnicas nos sistemas de cultivo estiveron acompañadas de profundas modificacións no réxime de propiedade da terra. Ata o século XVIII na maior parte de Europa persistía un complexo sistema de dereitos, taxas, limitacións e prácticas

comunitarias que recaían sobre a terra e que facían moi difícil calquera tipo de transformación. A propiedade estaba en moitos casos amortizada ou en mans comunais, e sobre unha mesma parcela recaían os dereitos dos campesiños e dos señores.

Esta situación empezou a ser criticada pola burguesía, os pensadores liberais, e parte da nobreza que empezaron a defender un novo réxime de propiedade baseado na propiedade privada, na explotación individual, e na consideración da terra como unha mercadoría que se puidese vender e mercar libremente. Para elo era necesario abolir os morgados nobiliarios, desamortizar as terras eclesiásticas, privatizar os campos abertos de uso colectivo, eliminar os dereitos de paso e de pasto do gando...é dicir, substituír o sistema existente por outro máis sinxelo. As revolucións liberais encargáronse de facelo de acordo coas circunstancias de cada país.

2.3.1 - Os cerramentos británicos.

En Gran Bretaña os cambios no réxime de propiedade da terra estiveron relacionados coa eliminación e privatización da propiedade comunal porque a Igrexa xa perdera as súas terras durante a reforma protestante do século XVI. O instrumento legal para lograr esta transformación foron as actas de cerramento aprobadas polo Parlamento británico ao longo da segunda metade do século XVIII e principios do XIX. Estas leis permitían o cerramento por particulares dos “campos abertos” e das terras baldías e comunais, de xeito que pasaban a converterse en propiedade privada. Os beneficiarios desta medida foron a nobreza rural e os campesiños ricos xa que eles puideron facer fronte ós gastos derivados do peche das fincas e da súa posta en explotación. Esta transformación da propiedade estivo impulsada sobre todo polo incremento dos prezos agrícolas, que facía atractivo o investimento en novas terras. Os campesiños pobres quedaron sen recursos pola progresiva desaparición da propiedade comunal, e tiveron que marchar a traballar nas cidades ou emigrar a América.

2.4 - O novo modelo agrario.

As numerosas transformacións agrarias deron lugar a un modelo de explotación agraria que ten as seguintes características:

- Substitución dunha tecnoloxía baseada no esforzo humano por outra onde se utiliza a máquina, o que permitirá unha considerable redución da man de obra campesiña.
- Uso común de fertilizantes e de regadío.
- Substitución do cultivo extensivo polo intensivo e de maiores rendementos.
- Paso dunha agricultura de autosuficiencia a outra comercial.
- Aumento considerable da produción que permitirá aumentar a poboación.
- Paso dun sistema de propiedade da terra con dereitos comunais e pagos señoriais a outro de propiedade individual sen cargas feudais.
- Transformación dos campesiños non propietarios en xornaleiros ou asalariados agrícolas.
- Crecemento dos beneficios agrícolas que se reinvestirán na modernización agrícola ou se desviarán para a industria.

3 - A revolución industrial.

De xeito case paralelo ás transformacións que tiñan lugar na agricultura e na poboación, tamén se aprecian cambios tan intenso e profundos na produción de bens manufacturados de modo que se pode falar dunha revolución industrial. Esta desenvólvese na 2ª metade do século XVIII en Gran Bretaña e no século XIX difúndirase ó resto do continente: primeiro en Bélxica, Francia, e Alemaña; e despois pasará a Rusia, Austria-Hungría, Italia, e España.

3.1 - Por que Gran Bretaña?

En Gran Bretaña déronse unha serie de condicións previas que favoreceron o nacemento e desenvolvemento desta revolución:

3.1.1 - Tiña as condicións políticas:

O Parlamento inglés data do século XVII, mentres o resto dos estaban nun sistema político absolutista, Inglaterra posuía un Parlamento que posibilitou a alianza da nobreza e da burguesía parlamentaria no século XIX.

3.1.2 - Tiña as condicións agrarias.

Grazas revolución agraria a produtividade aumentou un 90% entre 1700 e 1800. Isto permitiu alimentar á máis xente e liberala do cultivo dos campos. A elo sumáronse as leis de cerramento que obrigaron ós pequenos propietarios a vender as súas terras e emigrar ás cidades ofrecéndose como man do obra barata para a industria.

3.1.3 - Tiña unha privilexiada posición colonial.

Proporcionoulle abundantes materias primas a baixo prezo e extensos mercados para as súas manufacturas. A elo hai que engadirlle o dominio do tráfico marítimo internacional.

3.1.4 - Tiña abundantes recursos de carbón e ferro.

Que lle proporcionaron as fontes de enerxía e a materia prima necesaria para o desenvolvemento industrial.

3.2 - Características da 1ª revolución industrial.

3.2.1 - Mecanización.

Consistente na renovación tecnolóxica dos distintos sectores produtivos mediante a creación de numerosos inventos e máquinas específicas para cada traballo. Estas máquinas permitiron substituír a man de obra humana e incrementar a produtividade. Tamén se empregou a enerxía mecánica para os procesos produtivos grazas á invención da máquina de vapor por James Wat en 1769, e se empregou o carbón como fonte de enerxía básica.

3.2.2 - Establecemento do sistema fabril.

Nas fábricas concentrábanse as máquinas e os homes baixo unha dirección centralizada que controlaba todo o proceso produtivo, dividía o traballo en tarefas específicas para cada operario, e aplicaba un ríxido código de disciplina para obter o máximo beneficio dos traballadores.

Nas fábricas conséguese maior uniformidade nos produtos elaborados e maior produción pero tamén provocan unha desvalorización do traballo humano, o incremento da xornada laboral, e o emprego masivo de man de obra de escasa cualificación á que se lle pagan baixos salarios. Ademais o aumento do número de operarios e a separación das tarefas de dirección e traballo provocou unha despersonalización das relacións entre empresarios e obreiros que foron considerados unha mercadoría máis.

3.2.3 - Autofinanciamento.

Inicialmente as industrias autofinanciáronse reinvestindo as ganancias. Eran capitais de carácter familiar e os beneficios foron reinvestidos na mellora e ampliación da empresa.

3.2.4 - Existencia de sectores punteiros.

Destacaron fundamentalmente tres sectores punteiros: o téxtil, o siderometalúrxico, e o ferrocarril.

3.3 - A industria téxtil.

En Inglaterra a produción téxtil de la contaba cunha sólida tradición. Pero a finais do século XVII estendeuse por toda Europa a moda dos tecidos de algodón e moitos talleres empezaron a dedicarse ao fiado, tecido, e estampado de teas de algodón utilizando materias primas procedentes das colonias. Estes tecidos tiñan moita demanda por ser máis baratos e resistentes, e por poder usarse tanto en zonas cálidas como frías. O incremento da demanda estimulou a introdución dunha serie de melloras técnicas en cadea que transformaron todo o proceso produtivo e multiplicaron os beneficios empresariais. Os tecidos de algodón convertéronse no símbolo da industrialización e estendéronse por toda Europa. As novas industrias concentráronse en determinadas zonas xeográficas, sobre todo preto dos portos de chegada da materia prima ou onde había unha sólida tradición téxtil.

3.4 - A industria siderometalúrxica.

Este foi o segundo sector en industrializarse. O desenvolvemento deste sector foi debido á crecente demanda de ferro para a fabricación de máquinas e ferramentas. A produción tradicional baseada en pequenas fundicións que usaba a madeira como fonte de enerxía foi substituída polos altos fornos e o emprego do carbón como fonte de enerxía. Esta transformación foi posible grazas a numerosas innovacións técnicas:

- A transformación do carbón mineral ou hulla en coque que tiña máis potencia calorífica.
- A incorporación da máquina de vapor nos fornos de fundición.
- O sistema de pudelaxe que permitía obter ferro e aceiro de mellor calidade grazas á redución do contido de carbono.

O carbón e o ferro convertéronse nos novos símbolos da industrialización e a explotación mineira alcanzou un gran desenvolvemento.

Debido a súa dependencia do carbón, as novas fundicións de ferro instaláronse preto das minas ou nas cidades portuarias. Ao seu carón foron xurdindo numerosos talleres de transformación. Tamén se crearon numerosas máquinas que cortaban, estiraban, e modelaban o ferro a gran velocidade e que permitían a fabricación de todo tipo de produtos desde cravos a aparellos de labranza.

3.5 - Os transportes.

O incremento da produción agrícola, mineira e industrial estimulou a busca de novos medios de transporte que permitisen levar eses produtos de maneira rápida e barata cara os distintos mercados.

3.5.1 - O ferrocarril.

No transporte terrestre, os intentos de aplicar a forza do vapor no arrastre de vagóns culminou coa invención da locomotora e do ferrocarril. En 1825 circulou o primeiro tren mineiro en Inglaterra e en 1830 o primeiro de pasaxeiros. A partir dese momento a rede ferroviaria non deixou de medrar de acordo co grao de desenvolvemento de cada país.

A construción das vías férreas e dos ferrocarrís estimulou moito a industria mineira e siderúrxica e deu ocupación a unha gran cantidade de man de obra, ao tempo que acelerou a ampliación e interrelación dos mercados. Así mesmo, a necesidade de capitais contribuíu ao desenvolvemento do sector financeiro e bancario.

3.5.2 - O barco de vapor.

No transporte marítimo, o emprego da enerxía do vapor tardou máis tempo en xeneralizarse. Os primeiros barcos de vapor empregáronse fundamentalmente no transporte fluvial. A partir de 1880 os barcos de vapor faranse os donos da navegación interoceánica. Para facilitar a navegación e acurtar distancias construíronse os canais de Suez en 1869, e o de Panamá en 1914. Así mesmo melloráronse as instalacións portuarias coa construción de diques e peiraos.

As melloras introducidas nos medios de transporte permitiron que os excedentes agrarios e industriais puidesen ser colocados con facilidade nos mercados nacionais e internacionais. Esta paulatina mundialización da economía provocou a especialización produtiva de rexións enteiras e o aumento da súa produción. A posibilidade de comunicación rápida entre lugares distantes tamén produciu cambios nos hábitos da sociedade.

3.6 - A segunda revolución industrial.

Entre 1870 e o inicio da 1ª Guerra Mundial en 1914 producíronse importantes innovacións técnicas, industriais e empresariais que permiten falar dunha segunda revolución industrial.

A industrialización esténdese por Europa e América e alcanzou tamén a Xapón. Gran Bretaña mantén a súa primacía industrial ata 1914, pero en forte competencia con Estados Unidos e Alemaña.

3.6.1 - Novas fontes de enerxía.

Aínda que o carbón seguiu sendo a fonte de enerxía básica , durante a segunda metade do século XIX comezáronse a empregar novas fontes de enerxía como o petróleo e a electricidade.

- O petróleo.

O descubrimento da técnica de refinado por destilación permitiu illar diferentes derivados: queroseno, fuel, gasolina... que primeiro foron empregados como combustible para o alumado e como lubricantes para a maquinaria industrial. O descubrimento dos motores de gasolina e de gasóleo permitiu que o petróleo se transformase no combustible de numerosas máquinas e fábricas, así como en numerosos medios de transporte: automóbil, avión, camión... Tamén serviu como materia prima da nova industria química.

- A electricidade.

A súa utilización como fonte de enerxía foi posible grazas a diversos descubrimentos científicos e técnicos que tiveron lugar ao longo do século XIX: a pila, a dínamo, a lámpada incandescente, o motor de corrente alterna, o alternador e transformador de alta tensión, as centrais hidroeléctricas... As súas utilidades foron múltiples e cada vez máis variadas: iluminación das casas, cidades, e fábricas; enerxía motriz de numerosas máquinas, procesos industriais e medios de transporte como o ferrocarril eléctrico, o tranvía ou o metro. Así mesmo as súas aplicacións permitiron o desenvolvemento de numerosos inventos básicos na civilización actual: telégrafo, teléfono, radio, cinematógrafo, electrodomésticos, aparatos científicos...

3.6.2 - Novos sectores industriais.

O descubrimento de novos inventos permitiu a renovación dos distintos sectores industriais e a aparición doutros novos. Destacan sobre todo as novas industrias siderometalúrxica, química, eléctrica, e dos transportes.

- Renovación da industria siderometarlúrxica.

Os novos inventos permitiron aumentar a produción de ferro e aceiro e a aparición de novos metais e aliaxes como o níquel, cobre, aluminio, alpaca...

- Renovación da industria dos transportes.

O descubrimento dos motores de explosión e combustión interna permitiron a invención e o desenvolvemento dos automóviles e do avión. As grandes empresas automobilistas: **Renault, Citroen, Mercedes, e Ford** creáronse nesta época. Aínda así o ferrocarril seguiu sendo o medio de transporte fundamental, completándose as redes principais e dotando as grandes cidades de tranvías e metro.

- Aparición de novos sectores nos que destacan a industria química e a industria eléctrica.

- A industria química destinouse á produción dunha ampla variedade de produtos como explosivos, colorantes e fibras sintéticas, fertilizantes químicos, produtos farmacéuticos e fotográficos, plásticos, perfumes, pinturas...
- A industria eléctrica destinouse á fabricación de de motores, turbinas e aparatos electrodomésticos como as máquinas de coser e a aspiradora.

3.6.3 - Comparación entre a 1ª e a 2ª R.I

Anexo DOC:UD:6.1

- Fontes de enerxía:

O carbón e vapor de auga na primeira revolución industrial e a electricidade e o petróleo na segunda.

- Sectores punteiros:

Algodón, ferro e aceiro, ferrocarril e barco de vapor na primeira revolución industrial e novas aliaxes como o aluminio, e a industria química na segunda.

- Área de expansión:

Inglaterra e Europa na primeira revolución industrial e Estados Unidos e Xapón na segunda.

3.6.4 - Nova organización do traballo e da produción.

Nas décadas iniciais do século XX, especialmente en Estados Unidos, apareceu unha nova organización do traballo destinada a aforrar tempo e reducir custos nas fábricas. Para elo creouse o traballo en cadea, no que se estandarizaron os produtos e se especializaron as tarefas ata facelas repetitivas. Estas innovacións foron debidas sobre todo ó enxeñeiro norteamericano Taylor e ó empresario Ford. Os seus métodos cambiarán as condicións de traballo e de produción industrial de todo o mundo.

3.6.5 - Crecente importancia do capital financeiro.

A medida que aumentaron os custos das novas industrias e dos novos procesos de fabricación, incrementouse a necesidade de capitais para investir, o que fixo acudir a novos sistemas de financiamento, fundamentalmente á creación de sociedades anónimas por accións e á solicitude de créditos bancarios.

As sociedades anónimas por accións convertéronse, desde mediados do século XIX, na forma máis máis habitual de organización das empresas. Nestas sociedades cada un dos asociados achegaba unha parte do capital mediante a compra dunha acción ou título de propiedade cun valor determinado. Esta acción era negociable en bolsa e daba dereito a recibir uns intereses que variaban segundo os beneficios obtidos pola empresa.

As necesidades crecentes de financiamento tamén favoreceron a creación de novos bancos e entidades crediticias co obxectivo de captar o aforro privado mediante a implantación das contas correntes e de depósito. A gran cantidade de capital recadado permitíralles investir, soster, e controlar a maior parte das actividades industriais. Deste xeito o capital que está a disposición dos bancos e que empregan os industriais, convértese no factor fundamental do proceso de industrialización.

3.6.6 - Formas complexas de asociación económica.

A partir de 1870 a crecente competencia e a necesidade de abaratar os custos e obter máximos beneficios favoreceu a fusión e concentración de empresas. Esta tendencia deu lugar á aparición de diferentes asociacións e grupos empresariais co obxectivo de reducir ou eliminar a competencia. Alcanzou dimensións internacionais. As formas de concentración empresarial máis destacadas foron:

- **O Cartel** no que varias empresas se poñían de acordo nos prezos dun sector de produción para controlar o mercado ou repartirse a clientela.
- **O Trust** que consistía na fusión de varias empresas para formar unha máis grande e con unha dirección única e centralizada.
- **O Holding** que estaba formado por un grupo de empresas controladas por unha sociedade industrial ou financeira que posuía a maioría das súas accións.

Exemplos de concentración empresarial son:

- A **Stanrd Oil Company de Rockefeller** que en 1890 controlaba o 90% da produción e da exportación do petróleo americano.
- O **grupo alemán AEG** que se repartía o mercado mundial de produtos eléctricos xunto ca General Electric estadounidense.

Na práctica, estas grandes empresas dominaban o mercado en réxime de monopolio ou de oligopolio e ameazaban o principio da libre competencia que era a base fundamental do capitalismo e do pensamento económico liberal. Para evitar estas prácticas monopolistas e de competencia desleal, Estados Unidos aprobou varias leis antimonopolio.

4 - Consecuencias da revolución industrial.

4.1 - Consecuencias económicas.

O taller foi substituído pola fábrica, a produción aumenta de xeito espectacular. Aparece o empresario capitalista, dono dos medios de produción e que recolle os beneficios. O traballador especialízase cada vez máis e as relacións co empresario despersonalízanse. Aparece a concentración empresarial co fin de controlar a produción e os prezos. O comercio desenvólvese considerablemente, igual que as finanzas, os sistemas bancarios, e as sociedades de capitais. O sector primario perde importancia en favor do secundario e terciario.

4.2 - Consecuencias sociais.

A sociedade vólvese máis dinámica e complexa. Os estamentos do Antigo Réxime son substituídos por unha sociedade de clases formada por grupos máis abertos que están determinados sobre todo pola riqueza. Se antes a terra era a principal fonte de poder, agora o son os cartos.

No mundo do traballo as condicións son moi duras para os asalariados: xornadas de 12 a 16 horas, ausencia de lexislación laboral, emprego de mulleres e nenos en pésimas condicións, despedida libre, salarios baixos... A conciencia da forte explotación que sofren será o inicio do movemento obreiro.

5 - Revolución demográfica:

Ó longo dos séculos XIX e XX prodúcese un crecemento demográfico espectacular favorecido pola demanda de man de obra na industria, os avances médicos e as melloras en hixiene, e a existencia de novas terras ás que poder emigrar.

5.1 - Cambio de réxime demográfico.

Durante o Antigo Réxime a poboación fora medrando moi lentamente debido á elevada mortalidade, especialmente a infantil, provocada polas fames, as enfermidades e a falta de coidados médicos e sanitarios. Neste **réxime demográfico antigo** a natalidade era moi elevada pero co crecemento natural era escaso debido a alta mortalidade.

A partir de 1750 producíronse cambios no comportamento demográfico que se foron introducindo nos distintos países occidentais. Estas transformacións orixinaron un **réxime de transición demográfica** no que podemos distinguir dúas fases distintas:

- Na primeira fase descende a mortalidade mentres a natalidade segue sendo elevada. O aumento da produción de alimentos e a posibilidade de transportalos dunhas zonas a outras permitiu eliminar os efectos negativos das malas colleitas. Os progresos da medicina como a extensión das vacinas e dos antibióticos, e as melloras de hixiene tanto nos hospitais como nas casas (auga corrente, sumidoiros, uso do xabón...) contribuíron á redución da mortalidade por enfermidades e epidemias. Esta redución foi especialmente significativa na mortalidade infantil.
- Na segunda fase continuou descendendo a mortalidade pero tamén o fixo a natalidade, debido a que se foi abandonando a idea de ter moitos fillos para lograr a supervivencia duns poucos.

A partir de 1940 iníciase o **réxime demográfico moderno** no que se da un estancamento das taxas de natalidade e mortalidade e onde o crecemento da poboación débese sobre todo ó aumento da esperanza de vida.

5.2 - Éxodo das cidades e crecemento das cidades.

O crecemento demográfico e a mellora dos transportes ocasionaron un transvase constante de xente do campo ás cidades. Como consecuencia as cidades experimentaron un constante crecemento e tiveron que dar solucións ós problemas derivados desta situación: construción de vivendas, organizacións das redes de transporte e comunicacións, servizos de sumidoiros e de auga potable...Construíronse ensanches onde son apreciables as diferencias entre os ocupados pola burguesía e os ocupados pola poboación obreira. Os ensanches da burguesía son de mellor calidade, con rúas máis anchas, mellores servizos e zonas verdes. Nos barrios obreiros as construcións son de peor calidade, as rúas son máis estreitas, os servizos e os accesos son peores, e as zonas verdes inexistentes.

5.3 - A emigración transoceánica.

Calcúlase que entre 1821 e 1924 saíron de Europa 55 millóns de emigrantes que se dirixiron principalmente a América. As causas foron o desequilibrio entre o crecemento demográfico e os recursos, o abaratamento dos transportes, e as posibilidades de mellora das condicións de vida nos países receptores.